


SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A COMBARRO

DATA: Sábado 26 de maio

DÍA DE INSCRICIÓN: 18 de maio no Departamento de Servizos Sociais de 09.00 a 15.00 h.

PERSOAS DESTINATARIAS: 54 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

DESCRICIÓN:

7.30 a 8.30	Recollida das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.
8.30 a 10.00	Saída de Bergondo cara Combarro.
10.00 a 11.00	<p>Visita guiada en Combarro.</p>  <p>O casco histórico de Combarro destaca polo seu conxunto harmonioso de arquitectura popular galega con casas tradicionais, hórreos e cruceiros.</p> <p>Exhibense as típicas casas mariñeiras das Rías Baixas con soportais columnados de planta baixa, con patín, das que quizais o mellor exemplo sexa a casa coñecida como A Xurunda, que presenta un bo deseño e unha mestría na talla das varandas que lle dan aspecto nobre.</p> <p>As casas teñen a súa fachada cara ao interior, quedando cara á costa pequenos currais e hortas que albergan galiñeiros e cortellos, e onde se erguen a maioría dos máis de trinta hórreos de cantería, chamados aquí palleiras, cos que conta a vila, situados ao longo da beiramar, aliñados e colgados sobre pequenos valados ós que case chega á auga nas premares.</p>
11.00 a 12.00	Tempo libre en Combarro.
12.00 a 12.15	Traslado ao Monasterio de Poio.
12.15 a 14:00	Visita o Monasterio de Poio, Horreo, Igrexa e arredores.



No mosteiro mercedario de San Xoán de Poio destaca a igrexa construída no século XVII e que reflicte o gusto pola conxugación de formas clasicistas e barrocas. No seu interior existe un belo retablo do século XVIII, de estilo "churrigueresco", e na nave esquerda está o sepulcro de Santa Trhamunda (moi venerada no municipio). Tamén é destacable o claustro das procesións (século XVI), cunha fonte barroca e unha orixinal escaleira. E o claustro do cruceiro (século XVIII) co seu impresionante mosaico do Camiño de Santiago de 200 m2. de lonxitude. Tamén cabe destacar a súa biblioteca, o museo de mosaicos, a "Escola de Canteiros" ou a sede dos cursos da Universidade de Verán. Na actualidade o convento está adicado a hospedaxe turística rexida polos monxes.

Tamen se sitúa nel un dos hórreos mais importantes de Galicia, con dazasete filas de pes.

14.00 a 16.00

Xantar na Hospedería co Monasterio de Poio co seguinte menú:
1º prato: Potaxe de garbanzos
2º prato: Carne en rolo
Sobremesa caseira
Café e bebida

16.00 a 16.15

Traslado a Pontevedra

16.15 a 17.00

Visita as Ruínas de Santo Domingo e Alameda de Pontevedra



17:00 a 18:00

Visita guiada o Centro de Interpretación Torres Arcebispaís de Pontevedra



Construído no subsolo, aproveitando o foso defensivo do pazo-fortaleza das Torres Arcebispaís, o Centro de Interpretación das Torres Arcebispaís (CITA) é o primeiro centro museográfico municipal da cidade de Pontevedra. O edificio foi construído no soto, aproveitando o foso defensivo do pazo-fortaleza das Torres Arcebispaís descuberto durante as obras da avenida de Santa María.

O centro, que ocupa 715 metros cadrados, era a base da fachada da fortaleza, ou escarpa, e o o muro exterior, de peor factura, a contraescarpa). A estrutura inclúe unha ponte levadiza para o acceso á fortaleza. Os restos arqueolóxicos resultan sorprendentes porque o foso defensivo está situado cara o interior da vila, dado que o pazo-fortaleza protexíase do exterior pola muralla defensiva de Pontevedra, da que formaba parte. Durante as obras atopáronse tamén 24 bólas bastas de pedra que foron utilizadas no seu día como proxectís de catapulta.

18:00 a 19:30	Tempo libre en Pontevedra
19:30 a 21:00	Traslado a Bergondo
21.00 a 22.00	Reparto das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.